

Art. 61. O alumnado que, por expediente de conduta indisciplinada, baixo rendemento ou faltas de asistencia inxustificadas cause baixa do centro perderá igualmente todos os dereitos e terán que volver formalizar o proceso de matrícula como alumno de novo ingreso. No caso de problemas de conduta ou baixo rendemento a Comisión de Coordinación Pedagóxica será a encargada de valorar a viabilidade da readmisión do alumno ou alumna.

Art. 62. As solicitudes para cambio de instrumento, cambio de horario ou grupo, de profesorado, etc., tramitaranse no impreso axeitado que será facilitado na conserxaría ou profesor titor, dándose traslado disto á Xefatura de Estudos. Estes cambios concederanse, dependendo das prazas, grupos e horarios vacantes, e sempre que se solicitou correctamente e dentro das dúas primeiras semanas do curso.

As solicitudes de excedencia temporal da asistencia a unha ou varias materias poderá presentarse durante todo o curso e serán valoradas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Só se admitirán á valoración aquelas que teñan relación con traslados forzosos de centro de estudos ou traballo.

Art. 63. Para solicitar o cambio de instrumento será necesario permanecer un curso completo, co instrumento que se está cursando. En todo caso, só se atenderán cambios de instrumento por problemas de índole física.

Capítulo 5: Pagamentos

Art. 64. Os pagamentos rexeranse conforme á Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de carácter cultural do Concello de Moaña.

Capítulo 6: Subvencións

Art. 65. A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos de carácter cultural poderá recoller as bases de redución do importe de matrícula e mensualidades nos casos de familia numerosa ou máis dun membro familiar matriculado, ou por outros conceptos que se consideren xustificadas.

Capítulo 7: Calendario escolar

Art. 66. A Escola Municipal de Música de Moaña seguirá o calendario escolar que para cada curso determine a Xunta de Galicia para centros de ensinos artísticos. En todo caso, as clases non comezarán ata pasada unha semana do comezo do curso de Educación Infantil e Primaria.

Art. 67. Os días lectivos, non lectivos e períodos vacacionais serán igualmente os estipulados polas autoridades competentes para o desenvolvemento de actividades docentes.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor aos 15 días hábiles desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, trala aprobación definitiva polo Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

Moaña, 27 de febreiro de 2008.—O Alcalde, ilexible. **2008002456**

A N U N C I O

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de ludoteca municipal de Moaña.

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de novembro de 2007, polo que se aprobaba inicialmente a Ordenanza municipal reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de ludoteca municipal de Moaña, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procedese a publicación do texto integro da Ordenanza municipal reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de ludoteca municipal de Moaña:

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DE LUDOTECA MUNICIPAL PRESTADO POLO CONCELLO DE MOAÑA

1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Lei de Facendas Locais, e demais normativa concordante de aplicación, este Concello establece os prezos públicos polo servizo de ludoteca municipal prestado polo Concello de Moaña.

2º.—CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios/as que voluntariamente soliciten ou utilicen os servizos de ludoteca prestados polo Concello de Moaña.

3º.—OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen solicite ou utilice os servizos de ludoteca municipal.

4º.—TARIFAS

O prezo público que se debe pagar ao Concello polo disfrute dos servizos de ludoteca axustarase ás seguintes tarifas:

*EPÍGRAFE 1º.—ACTIVIDADES REGULARES
DIARIAS DIRIXIDAS A NENOS/AS:*

- a) Asistencia puntual diaria: 2,5 euros/hora.
- b) Abonamento por 10 horas: 20 euros.
- c) Abonamento por 30 horas: 45 euros.
- d) Abonamento anual (200 horas): 200 euros.

*EPÍGRAFE 2º.—ACTIVIDADES ESPECIAIS
SUXEITAS A PROGRAMA DIRIXIDAS
A NENOS/AS OU FAMILIAS:*

- a) Actividades de 1 a 10 horas: 2euros/hora.
- b) Actividades de 11 a 30 horas: 1,5 euros/hora.
- c) Actividades de máis de 30 horas: 1 euro/hora.

EPÍGRAFE 3º: TARIFAS ESPECIAIS:

- a) Usuarios relacionados entre si por vínculos de 1º grao de consanguinidade: 75% da tarifa normal.
- b) Para membros de familias numerosas con renda por membro da unidade familiar inferior a 5.000 euros/anuais: 50% da tarifa normal.
- a) Para membros de familias beneficiarias da RISGA ou reximes de protección pública análogos: 5% da tarifa normal.

ARTIGO 5º.—NORMAS DE XESTIÓN

*1.—ACTIVIDADES COMPRENDIDAS
NO EPÍGRAFE 1º:*

- a) A inscrición para participar as actividades regulares diarias da Ludoteca, que será grauíta, realizarase na propia Ludoteca municipal ou no Departamento de Servizos Sociais. Aceptada a inscrición, entregárase a cada usuario/a un carné que o acredite como tal.
- b) O abonamento das tarifas correspondentes realizarase na Recadación municipal ou na propia Ludoteca como oficina delegada para a recadación específica deste prezo público, previa presentación do carné de usuario, entregándose documento acreditativo do pago debidamente dilixenciado, que deberá ser conservado e exhibido para disfrutar das actividades.

*2.—ACTIVIDADES COMPRENDIDAS
NO EPÍGRAFE 2º:*

- a) As solicitudes para a participación en actividades especiais suxeitas a programas realizáranse en escrito dirixido á Alcaldía polos in-

teresados, nos prazos que se fixen en cada convocatoria.

- b) A obriga de pagamento do prezo público orixinarase no momento en que se acepte a inscrición do solicitante. Corresponde a aprobación da relación de inscritos á Alcaldía. A formalización da inscrición deberá ir acompañada do xustificante de pago.
- c) A liquidación do prezo realizarase pola Administración municipal e o ingreso farase, ben na Recadación municipal, na propia Ludoteca como oficina delegada para a recadación específica deste prezo público ou en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta.
- d) Cando por causas non imputábeis ao obrigado a pagamento do prezo, a participación na actividade solicitada non teña lugar, procederá a devolución do importe correspondente, previo informe do coordinador/a ludotecario.

*3.—TARIFAS ESPECIAIS COMPRENDIDAS
NO EPÍGRAFE TERCEIRO:*

- a) Para disfrutar da tarifa especial recollida no epígrafe 3.a deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. O usuario/a deberá acreditar ao realizar a inscrición que hai outro ou outros usuarios da Ludoteca municipal pertencente á mesma unidade familiar unidos por vínculos de consanguinidade en 1º grao, mediante a presentación de fotocopia autenticada do libro de familia.
- c) Para disfrutar da tarifa especial recollida no epígrafe 3.b deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. O usuario/a deberá acreditar ao realizar a inscrición que é membro de familiar numerosa mediante presentación de fotocopia autenticada do libro de familia, e os ingresos familiares con copia autenticada da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar que perciban ingresos. Cando non tivesen obriga de realizar declaración, deberán aportar documento que dea fe dos ingresos non suxeitos a declaración.
- d) Para disfrutar da tarifa especial recollida no epígrafe 3.c deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. O usuario/a deberá acreditar que a totalidade dos ingresos familiares proveñen da RISGA ou outro rexime de protección pública análogo mediante copia autenticada da resolución de concesión en vigor e informe dos Servizos Sociais do Concello.
- e) As reducións sinaladas no epígrafe 3 non son acumulables, debendo o usuario/a acollerse á máis beneficiosa.

Disposición final

A presente ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2007, entrará en vigor aos quince días desde o seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, 27 de febreiro de 2008.—O Alcalde, ilexible. **2008002457**

A N U N C I O

Aprobación definitiva do Regulamento do servizo da Ludoteca Municipal do Concello de Moaña.

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de outubro de 2007, polo que se aprobaba inicialmente o Regulamento do servizo da Ludoteca Municipal do Concello de Moaña, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese a publicación do texto integro do Regulamento do servizo da Ludoteca Municipal do Concello de Moaña.

REGULAMENTO DE SERVIZO DA LUDOTECA MUNICIPAL DE MOAÑA**CAPÍTULO I****MARCO LEGAL, OBXECTO E IDEARIO***ARTIGO 1º.—MARCO LEGAL*

A Ludoteca Municipal de Moaña prestará os servizos e desenvolverá as actividades e programas previstos na Lei de Servizos Sociais de Galicia e demais disposicións que a desenvolven, especialmente no marco co Decreto 354/2003 de Ludotecas, e Decreto 329/2005 de 28 de xullo, regulador dos centros de menores e centros de atención á infancia (D.O.G. do 16 de agosto de 2005), e en concordancia coas normas de aplicación.

ARTIGO 2º.—MARCO NORMATIVO

O marco normativo refírese a este regulamento como conxunto de normas e pautas reguladoras e inspiradoras da actividade cotián da Ludoteca Municipal de Moaña, elaboradas ao abeiro e en desenvolvemento da normativa aplicable de Ludotecas de Galicia, e demais disposicións concordantes, que xunto coas directrices emanadas do Concello de Moaña servirán de referencia obxectiva e obrigada no desenvolvemento dos servizos prestados pola Ludoteca.

ARTIGO 3º.—OBXECTO DA LUDOTECA

O funcionamento da Ludoteca Municipal de Moaña ten como obxecto dar resposta ás demandas da cidadanía en relación cos servizos á infancia que recolle a Lei de Servizos Sociais de Galicia e o Decreto 354/2003.

Asúmese como obxectivo xeral converter a Ludoteca nun espazo para promover e contribuír a un crecemento harmónico dos nenos e nenas a través da socialización e do xogo como estratexias de intervención socioeducativa, coa implementación e implicación das súas familias.

Como obxectivos específicos sinálanse os seguintes:

- a) Traballar e desenvolver a psicomotricidade a través do xogo e dos xoguetes.
- b) Estimular as capacidade cognitivas, sensoriais e intelectuais dos nenos nenas por medio do xogo, o xoguete e os libros.
- c) Facilitar a socialización integrada consonte ás idades.
- d) Favorecer o coñecemento dos pais e nais dos propios fillos/as ao compartir o xogo.
- e) Implicar a nais e pais na participación no mundo simbólico do xogo infantil como fonte de educación e aprendizaxe.
- f) Facilitar e favorecer a utilización de diversos espazos comunitarios como lugares de uso e actividade lúdica e educacional.
- g) Potenciar o valor dos libros e xoguetes como instrumentos vertebrados do xogo para a mellora educacional e intelectual dos nenos e nenas.
- h) Dispoñer dun espazo adaptado, dotado de persoal especializado e con recursos materiais suficientes de xoguetes, libros e outros útiles cualificados para o xogo individual e compartido, con horarios de apertura mínima de 4 horas diarias.

CAPÍTULO II**USUARIO: DEREITOS, DEBERES, INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN***ARTIGO 4º.—USUARIOS*

Considéranse usuarios todos os nenos e nenas entre 3 e 12 anos e as súas familias, tal como se recolle na normativa específica reguladora.

Non se descartan outros usuarios/as temporais en función dos programas de actividade transversalizada con centros de maiores, escolas, centros deportivos, culturais, etc. Non obstante, o colectivo de referencia directa da ludoteca será o das nenas e nenos das idades sinaladas do Concello de Moaña.